



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2022

**ANDREA BARREIRA
AS PEDRAS NON ESQUECEN**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

Cando desde a AELG me pediron facer un roteiro en Santiago de Compostela, no marco da SELIC, ao redor de *Palabra de bruxa* (ed. Galaxia, 2018), o primeiro que pensei foi que tería máis sentido facelo na Fonsagrada, ao fin e ao cabo, as paisaxes e os lugares que aparecen no libro están inspirados nesta comarca e na súa contorna, tanto da zona asturiana, como da montaña lucense.

No entanto, despois de darlle unha volta, o primeiro que me veu á cabeza foi o feito de que Santiago de Compostela se erixira no seu momento como sede da Inquisición, cun edificio feito *ex-profeso* para iso (e que agora, curiosamente, é un hotel). Entón, que mellor lugar que nesta cidade para facer un exorcismo e liberar ás mulleres do xuízo? Ademais, Santiago confórmase como un berce do coñecemento a través da universidade, coñecemento do que foron expulsadas as mulleres ata hai (relativamente) ben pouco. A cidade está rodeada de auga (cos seus lavadoiros e muíños correspondentes) e fragas, e construída sobre pedras que son quen de absorber cada unha das dores e alegrías que a envolven. Por todo isto, definitivamente non era un lugar tan estraño para levar a cabo un roteiro deste tipo ao que quixen titular **As pedras non esquecen**, aínda que nós moitas veces queiramos borrar todas esas historia e inxustizas que as mancharon.

Tras aceptar a proposta, decidín convocar ao aquelarre e buscar diferentes autoras galegas que tratan na súa obra a figura das meigas, das bruxas ou outras mulleres que, polo perfil, de ter nacido noutro momento poderían ser facilmente acusadas de bruxería. Evidentemente, o que atoparedes aquí é unha pequena mostra, pois hai máis títulos que vos animo a buscar entre os andeis das bibliotecas e librerías.

Para poder orientarvos na vosa procura, con estas palabras resumía o paseo literario:

Din que Galicia é terra de meigas, que non de bruxas, quizais por iso os xuízos e condenas a mulleres acusadas de bruxería non foron tan numerosos aquí como noutras zonas. Porén, existiron. Porén, existen. Hai moitos xeitos de xulgar. Hai máis torturas que as físicas. Hai máis fogueiras que aquelas feitas de lume. En Santiago egueuse un Tribunal da Inquisición, en Santiago ábrese unha Porta Santa capaz de borrar todos os pecados. Neste paseo literario -no que abordaremos, entre outras, a obra teatral *Voaxa e Carmín*, de Esther F. Carrodegua, o relato *Apoloxía da indecencia*, de María Alonso, o fanzine *Filhas de lume*, de Paula Pereira, a novela *Palabra de bruxa*, de Andrea Barreira...- falaremos de como as mulleres fomo e somos consideradas bruxas, consideradas meigas, consideradas, simplemente, diferentes.

O roteiro sobre o que ides ler foi realizado o martes, 14 de setembro de 2021, agardo que tras estas liñas, poidades ir todas as veces que queirades e, como vos dicía antes, poidades amplialo coas vosas propias lecturas, e, por que non? as vosas propias historias.

O ROTEIRO

O punto de encontro para este paseo é a escultura homenaxe ás irmás Fandiño, ás Marías, que reciben todos os anos unha mullerenaxe o 18 de xullo para reivindicar as cores nos tempos grises, para reinvidicar a memoria e non esquecer as inxustizas.

1. **ESCULTURA AS MARÍAS** (Alameda)

Comezamos esta andaina cunha palabra: Normalidade, norma, normal. O que debe ser, como ten que ser para que o mundo manteña a súa orde e aparencias, como escribía Coralia Fandiño.

“CORALIA: (...) Querido Manuel:

Desexo que esteas moi ben na túa morte. Has de estar ben con Mamá e Papá, e Sarita. Aquí vai todo ben. Comemos arroz case todos os días e sempre saímos guapas á rúa, como nos dicía Mamá. Maruxa está algo maior e volveuse un pouco rabuda. Hoxe está cansa, pero normalmente está ben. Claro que xa sabes como é... Eu déixolle facer.

A xente é moi boa. Sempre nos dan algo e non pasamos fame case nunca. Maruxa di que non, pero a xente debe de deixar cartos para nós.

Non entra ninguén na casa, dillo a Mamá. Só o Doutor, e ás veces a reparar algo, o da tenda, pero nada máis. Maruxa déixalles entrar cando nos teñen que traer algo pesado porque as señoritas, di, non poden andar a cargar cousas.

Saímos sempre as dúas, como ti nos dixeches aquel día, Manuel: sempre as dúas. As dúas sempre ás dúas. Ás dúas en punto, como ti nos dixeches. Maquilladas e moi guapas, como nos dicía mamá. Sempre. Todos os días. E se chove tamén. Co paraugas, polos soportais, como ti nos dixeches, sempre ás dúas.

Non saímos nunca de noite. Onte foi así un día especial. E hoxe estamos na praia porque eu quería ver o mar. Sempre quixen ver o mar e como non podíamos volver á casa viñemos aquí. Pero nada. Onte foi especial -e hoxe- pero polo demais nunca. Aínda que agora non é coma antes: hai xente de noite na rúa. Dá medo pero non tanto, pero a Maruxa quen lle tuse.

Algún día imos ir vervos. Eu creo que Maruxa vai ir pronto, e eu non vou tardar.

Mándalle recordos a Mamá e a Papá. Dilles que todo ben. Mándalles bicos, para todos”.

Voaxa e Carmín, Esther F. Carrodegas (ed. Difusora). Páxs. 71-72

Porque se saes do camiño marcado en fosforito, en luces de neón, en carteis publicitarios, en consellos e advertencias... serás eternamente xulgada.

"(...) Tras escoitar os testemuños dos homes de fe, das mulleres de comprobada conduta irreprochábel; tras ver cos nosos propios ollos estes feitos dos que se vos acusa e que aquí serán relatados; tras examinar as probas acusámoste de levar unha vida confrontada, en desacordo cos demais devotos, unha vida que lle dá as costas á palabra de Deus. Acusámoste de desprezar o lugar que che corresponde detrás do home como rezan as sagras escrituras, de pensarte máis intelixente, igual, incluso superior ca nós, os varóns. Acusámoste de deixarte levar por paixóns impropias e coñecementos falsos. Acusámoste de levar unha mala vida..."

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia), páx. 18

E aínda que nada de bon ten unha normalidade que vén dunha inxustiza, que se constrúe na dor, na burla, no dano, todas aquelas mulleres que saian dela, deberán ser unxidas con voaxa feita de cinza.

2. **ESCULTURA ROSALÍA DE CASTRO** (Alameda)

Porque ao final estamos feitas de ruxe-ruxes, de miradas de esguello, de contos de vellas para nenas. Estamos construídas de imaxes distorsionadas de espellos, nos que dúas irmás agochan entre as cores a crueldade do gris, nos que unha muller forte se convirte nunha choromiqueira; no que ser pobre, ser vella, ter demasiado poder, demasiados coñecementos, demasiada liberdade... te transforma nunha bruxa saída dos contos que se contaron despois da realidade.

"A primeira vez que recibín a visita dun ser humano na miña casa de pedra resultou ser unha nena con cara de asustada, redondiña coma unha laranxa que, antes de abrir a cancela da porta do meu xardín, berrou con todo o aire que cabía nos seus pulmóns:

—Señora bruxa!!

—Shhhh! —díxenlle eu, non fose espantar aos veciños.

—Perdón —respondeu ela en voz baixa—. É vostede a señora bruxa?

—Son, si.

—Pero non é vella, nin fea, nin cheira a esterco.

—Moitas grazas.

A verdade é que se contan tantas parvadas sobre as bruxas que non se poden ir desmentindo unha a unha.

—Ten chocolate? —preguntoume.

—Dentro da casa. Queres un pouco?

—Depende.

—De que?

—Se entro vaime meter nunha gaiola?

—Claro que non!

—Está ben.

Abrinlle a cancela e inviteina a pasar. Ela entrou, sen pensar que, se eu fose unha bruxa das malas, non tería ningún problema en enganala e metela na gaiola. Só cando a porta da casa se pechou detrás de nós colleu medo.

—Por que pecha a porta?

—Para que non entren moscas.

—Aquí dentro xa hai unha.

—Esa é Cornucopia, a mosca de inverno, unha amiga. O que non quero é que comecen a entrar as moscas da primavera.

Fun buscar chocolate e, ao volver, a nena seguía no mesmo sitio, mirando ao redor, coa cara pálida.

—Vostede come nenas? —espetoume.

Eu tiven que botarme a rir con ganas. Espantei as ganas que se asomaran para ver quen entrara na casa e fixen voar a Cornucopia co barullo. A nena tremía de arriba abaixo, miña pobre.

—Gústanme as nenas, pero nunca probei a comelas —respondín en canto me pasou o ataque—. E ti?"

Bruxa e familia, Paula Carballeira (Oqueleo). páxs. 77-79

E sen a penas dectarnos, os contos transfórmanse en realidades e collen corpo os ditos como "a realidade supera á ficción".

"Acusámoste de secuestrar a nenas e utilizalas en horrendos rituais de sacrificio e ofrenda ao Diaño; de convencer as esposas para que deixen, envelenen e enganen aos maridos aos que lles deben fidelidade, lealdade e comprensión até rachar os matrimonios que Deus formou e que só el pode separar; de transformarte nunha criatura salvaxe para devorar almas e confundir os homes enviados polo Noso Señor para darvos caza".

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia). Páx. 97

3. XARDÍN DAS PEDRAS QUE FALAN

Pero non vos deixedes enganar polas aparencias, polas lendas, polos medos das lareiras, das candeas e das lanternas. Detrás desa imaxe escura hai sabedoría. Amplos son os coñecementos, perigosas as mulleres que os posúen: dá igual que sexa música, dá igual que sexa ciencia, dá igual que sexa diplomacia... O saber dá un certo poder..

"Por boca daquel rillote (Viviana) souben das múltiples posibilidades que ofrecía a illa para a aprendizaxe, tanto para quen quixer especializarse nunha única e concreta materia do saber como para quen procurase un coñecemento máis amplo e global. (...)

A distribución que rexía en Ávalon no tocante ao aloxamento, non rexía para as clases e leccións; alí os grupos non se formaban por idades, senón por

intereses e coñecementos, e se Viviana era sete anos máis nova ca min, tamén era das poucas persoas que naceran na illa e a súa aprendizaxe guiada comezou no mesmo día do seu parto, polo que durante os primeiros meses da miña estadía en Ávalon, mentres non me puxen ao día nas materias nunca antes por min estudadas, coincidíamos en moitas das clases, circunstancia que a pequecha aproveitaba para sentar ao meu carón e rir a cachón da miña torpeza en asuntos para ela tan simples como o trazado dunha circunferencia ou o cálculo das distancias mediante fórmulas que naquela altura me semellaban tremendamente complicadas.(...)” páxs. 91-92

“Axiña descifrar o escrito nos textos alleos se converteu nunha das mútuas afeccións ás que máis tempo dedicabamos cando estabamos xuntos. E unha vez desentrañados os segredos das alleas escrituras entregabámonos á súa análise e discusión. A sagacidade da pequena para achar referentes comúns nas lendas e crenzas chegadas de lugares tan afastados coas nosas propias tradicións provocaba en min un pasmo próximo á marabilla. Cunha rapidez inusitada en alguén tan novo, Viviana descubría nas deidades gregas e romanas os trazos semellantes que existían con algúns dos antigos deuses celtas e trazaba paralelismos entre os hoeroes fundadores dunhas e outras culturas, así como cos mitos que nas diferentes civilizacións tentaban explicar os segredos da vida e do universo.

Naquelas discusións tamén descubría eu a forma tan subversiva de entender o mundo que sería, co tempo, unha das principais características de Viviana”. páx 99

“Levame contigo, tía Viviana, faime sabia e xusta. Sabes que se quedo nesta morada acabarei converténdome nun ser vingativo e abominábel”. páx. 112,

Morgana en Esmelle, Begoña Caamaño (Ed. Galaxia)

E nesa procura do coñecemento, nesas teimas, nesa subversión atoparon as mulleres un espazo onde medrar.. e quen quería ese espazo para si encontrou un pretexto para desfacerse delas.

“(…) Acusámoste de provocar secas, de destruír a terra de cultivo, de botarlle o mal de ollo aos labregos que coa súa suor regan a terra, de practicar bruxería para que volvan as chuvias e amañar a desfeita que ti mesma creaches”

“Subiron ao faiado. Alí, nun rocho escuro, fresco e lonxe da humidade do río malia estar ao seu carón, amontoábanse sacos e sacos marcados con pulcritude. As etiquetas rezaban o nome de distintas especies vexetais, toda unha colección de sementes que pertencera á familia de Berenice. Esta contoulles que súa nai e antes a súa avoa, e así xeración tras xeración, foran separando sementes en función das que resistían secas e inundacións, uns ou outros bechos.

—Uns chámalo maxia, eu prefiro dicir observación e proba (…)

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) páxs. 37 e 45

4. CLAUSTRO DO PAZO DE FONSECA (Biblioteca Xeral da USC)

Este coñecemento teimou en ser compartido, malia todos os intentos que houbo, hai e haberá de cortar os elos que unen ás mulleres que teimaron ser o que querían malia a imposición da norma. Destruír as unións, destruír a memoria para construír unha maldición de eterno comezo, un comezo que, en realidade, non é tal, por iso nós temos que lembrar.

“—Soará estraño, mais a primeira vez que entrei no muíño non puiden evitar fixarme na morea de libros que medran na túa mesa —aventurouse. Nos ollos de Berenice brillou unha chispa de desconfianza, mais tras ver a cara tranquila e, o que lle pareceu, curiosa do rapaz non puido evitar contarlle parte de historia familiar.

—Pertenceron a grandes señores, damas estudosas, comerciantes, viaxeiros... Na miña familia o saber é a mellor moeda, por iso atesouramos coñecemento. Págannos con sabedoría os nosos servizos. Estarás de acordo comigo en que todo ten un prezo... Con frecuencia a xente considera que a información é unha moeda pequena (...).”

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) páx. 25

Un saber que sorprende pero que vai pasando de boca a orella, de orella a orella, de orella a boca, construíndo un coñecemento que se mantén soterrado á espera de que alguén, coa curiosidade e interese dabondos, decida berralo, cantalo, teatralizalo, escribilo, lelo...

“É unha muller, non cabe dúbida. E, no entanto, está a ler. E non le relato de amores nin versos procaces, que le unha obra médica. Algo malo quererá aprender lendo no libro. Ou algo malo terá feito e estará a ver como agochalo. Definitivamente é unha muller. Raro que non ande na fonte a latricar, ou no mercado a rexoubar con outras comadres! É unha muller lendo. Tranquilamente, lendo. E logo... será bruxa? Será...”

Herba Moura, Teresa Moure (ed. Xerais) páx. 116

5. FACULTADE MEDICINA

Hai sabedorías que se transmitían de muller a muller, como o oficio de parteira, porén, as mulleres foron apartadas de ciencias como a medicina, onde se aprende a curar, unha das faces do coidar, esa característica, disque, tan feminina. No entanto, non foi ata 1910 cando as xemelgas Fernández de la Vega puideron cruzar estas portas, envoltas en burlas que se volveron en contra de quen as soltou. Meigallo? Non. Traballo, investigación, sabedoría, coñecemento.

“—Acusámoste de impedir a concepción sagrada e natural entre homes e mulleres; de castralos a eles, de reducir a fertilidade delas. Acusámoste

de provocar abortos dentro dos corpos das mulleres fértiles, roubándolles a alma aos nenos non nados. A un tempo, se por algunha boa razón de Deus os nenos sean adiante malia as túas malas artes, acusámoste de apropiarte dos corpos con e sen vida deses bebés acabados de nacer, arrebatarllos ás nais como ofrenda ao Diaño e mostra da túa servidume cara a el e incluso de devoralos se fose necesario para aumentar o teu poder diabólico. Acusámoste de parteira, de matrona, que se ben moitos dirán que non son malas artes, a boa intención non importa!”

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia), páx. 79

“Do *Libro de mulleres* de Hélène Jans

Alcavea (*Carum carvi*)

Planta de raíz profundísima, coroada por unha roseta de follas recortadas e un talo ramificado, rematado por flores brancas ou rosadas pequechas. Toda a planta desprende un rico arrecendo. As floriñas teñen unhas cabezas que poden moerse nun fino po ou mastigarse enteiras, unha media cullerada cada día. Dá bo alento e elimina os gases intestinais. Porén a súa principal virtude é que estimula a produción de leite na muller, polo que se administará xenerosamente ás menos alimentadas, que son as máis. E digo isto porque no noso tempo a beleza dita que a muller, para ser fermosa, debe aparecer ben abondosa en carnes e moito temo que, se gustan as mulleres gordas é pola súa rareza, que as mulleres apenas comen do que sobra aos demais, que serven a mesa e son as últimas en sentar, que sempre oín repetir que unha nai non morre de enchente. E é verdade. Por iso, cando o tempo da crianza esixe da muller que libere uns nutrientes que lle fan falta para manterse, natura pode axudarlle con substancias como a alcaravea. E aproveito esta disertación para afimar que as mulleres non deben pretender estar gordas para gustar máis, que os seus corpos son como son, e quen as ame debe facelo polo que elas son, non polo que quixeren os outros que fose, e se digo isto é porque moitas veces acoden a min mulleres para disfrazar a súa auténtica natureza, que mesmo se diría que arrepiá pensar que unha muller teña gustos propios”.

Páxs. 80-81 *Herba Moura*, Teresa Moure (ed. Xerais)

“—Non sabía que tamén foses parteira... —Pío intentou reter a Berenice, mais esta non estaba disposta a perder eses maravillosos segundos por un capricho.

—Si, que hai máis fermoso que traer vidas ao mundo? —pero os seus ollos semellaban ver máis cousas alén do nacemento”. (páx. 82)

“As mulleres observan en silencio a escena. Contiñan as bágoas porque alguén tiña que soste a Lucía, malia ser todas conscientes de que a máis forte era ela. Cada unha das que alí estaban comprendía, defendía e ocultaría como as mans de Berenice, cunha tenrura que algunha xa coñecera da súa avoa, eran quen de atar os camiños internos que permiten a vida”. (páx 84)

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia)

Aínda que se afirme o contrario, a complicidade entre mulleres sempre foi unha das mellores bazas para medrar, para sobrevivir. Un entenderse que se que viña envolto en sabedorías compartidas.

6. PRAZA DE SAN MARTIÑO (Nesa zona estivo a primeira sede da Santa Inquisición en Santiago)

Saber estaba penado, ser disidente estaba xulgado, ter terras ou poder sendo muller non podía ter sentido se non eran impulsadas polas mans do demo. As mulleres sempre fráxiles, sempre cativas, sempre nenas que se deixan levar polos seus sentimentos, coma se sentir fose algo malo; cativas que se empeñaban en ampliar a súa mente, malia ser esta considerada como algo diminuto. A muller silente, a muller baixo o pé e a ollada do home, a eterna nai, a muller fermosa, a muller da casa, a muller do rosario... só así era ben vista. Toda aquela que saíse do seu rol debería ser correxida...

"Quítanlle a roupa. Ante a súa mirada incrédula sacódena como se dela puidese caer algo máis que o po das fariñas, da terra... Ao non conseguiren nada achéganse a ela que os fita desafiante cos brazos cruzados baixo os seus peitos descubertos. O cabelo cáelle sobre o seu corpo coma un manto feito de noites. Hai quen teme achegarse, pois a súa visión antollábase, senón ao dunha Virxe protectora, mártir, ao dun anxo. Estes son expulsados da sala por aqueles que ven a realidade: antes eles, desafiante, obsérvaos unha amante poderosa do Demo".

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) Páx. 35

...humillada, mancada... nunha palabra: destruída.

"Aquela mañá ía tanto frío que os muros da sala de tormento estaban cubertos por unha fina capa de xeo que alí permaneceu polo resto do día, a pesar da leve calor que desprendían as lámpadas de aceite que se prenderan para que o tribunal inquisidor puidese continuar co interrogatorio, *animo tamen*.

Os cinco homes baixaban en procesión as escaleiras de madeira moi amodo a causa da artrite e demais doenzas causadas polo hostil clima compostelán daquela época do ano. Mais, cando remataron o seu descenso até aquel inferno xélido, detivéronse de súpeto aterrados ao descubrir o estado no que se atopaba a condenada.

Un charco dun líquido vermello que comezaba a tornar escuro pola coagulación daqueles fluídos descansaba aos pés da muller, que seguía apresada polas catro extremidades. Era imposible mirarlle a cara, cuxa queixada repousaba sobre un esquelético esterno. Seguía completamente espida, e no seu corpo podían distinguirse todo tipo de feridas abertas. Polos costados tiña cortes dos que deixara de manar sangue. Até parecía que lle queimaran a pel do ventre, sobre o cal aínda había restos de carbón.

Mesmo semellaba que lle intentaran arrincar unha mamília a dentadas polas marcas que se distinguían arredor. Pero o charco encarnado non xurdira de ningunha daquelas feridas, senón dun regato de sangue cuxos restos se secaran entre as pernas da muller.

Cando foi quen de reaccionar, o médico da casa apresurouse a se asegurar de que a condenada aínda estaba con vida. (...)"

Longas sombras na pedra, Apoloxía da indecencia, María Alonso (Urco editora), pax. 172

7. PRAZA CERVANTES

Mais non vos enganades. Non só xulgaba a igrexa, non só xulgaba o poder, tamén xulgaban os habitantes de aldeas e vilas, a viciñanza... Igual que hoxe tamén se xulga cada comportamento, cada paso, casa xesto, cada palabra e cada silencio...

"Lévana ante o xuíz inquisidor. Avanza de costas a el para evitar calquera contacto humano ou divino. Ao seu carón, reflectindo cada unha das súas sombras, un cirio, tan alto como o Cristo ao que representa, arde imperturbábel.

Non pode ver o home que a arrincara do seu fogar, mais si os labregos e señores, as súas donas, persoas coas que compartira tantas vidas como xeracións de Xanas habitaran o muíño. Ao seu paso apartan as caras mentres se remexen inquedados. Cando crava os seus ollos neles, as pupilas reflicten vergoña, incertezas e sobre todo medo. O medo en forma dun corvo que voa diante e tras de si.

Descoñece o nome desas testemuñas que tanto citaran na súa detención. Aínda que endexamais lle dirán os seus nomes, pode sinalas a todas sen que lle trema o pulso e sen medo a trabucarse. O silencio tórnase tan culpábel como as verbas: agochar, aceptar ou pedir axuda a unha bruxa era sinónimo dunhas penas en que excomuñón era a máis suave".

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. *Galaxia*). Páx. 17

Medo tras medo, acusación tras acusación, envexa tras envexas... moitas mulleres, mulleres tan reais coma ti e coma min, foron caendo...

"BRUXAS GALEGAS

Ana de Castro, Lucía Fidalgo, Maria Solinha e Maria Rodrigues sañ quatro das mulleres acusadas de practicar bruxaria e processadas pela Inquisição na Galiza.

ANA CASTRO

Declarada "feiticeira, embusteira e adivinhadora" foi condenada o 14 de outubro de 1626 a sair vestida com hábito de penitente de meia aspa, a um auto de fé onde lhe foi lida a sentença que consistiu en duzentos

flagelos e desterro do couto de Armenteira e de Compostela durante seis anos. A Ana de Castro foi largada às ruas, meio nua, montada num burro e flagelada enquanto percorria a cidade de Compostela. (...)

LUCÍA FIDALGO

A Lucia vivia a mendigar pelas casas. Seria, precisamente, uma pessoa das que lhe deu esmola, quem a denunciaria por feiticeira.

O 14 de novembro de 1650 pronunciou-se a sentença contra ela, que seria executada no domingo 9 de dezembro na misa maior da catedral de Compostela. Foi condenada a duzentos flagelos que receberia nas ruas de Compostela e na freguesia de São Martinho Danlho, e ao desterro destes lugares e mais de Madrid durante seis anos.

MARÍA RODRIGUES

Natural da localidade portuguesa de Ponte da Lima, foi entregada pola justiça eclesiástica do arcebispado de Braga á do bispado de Tui, no início de 1577, acusada de bruxaria. De Tui seria remitida para Compostela, a onde chegou mutilada e esgotada.

Ao cabo de dous anos foi detida novamente pela Inquisição em Portugal, na jurisdição de Panhaflor, acusada de reincidir na prática da bruxaria, tinha trinta e oito anos quando foi consumida pelo lume numa fogueira pública na praça do Campo -hoxe praça de Cervantes- em Compostela entre as burlas das vizinhas da cidade. (...)"

fillas do lume, fanzine de Paula Pereira páxs. 2-3

8. MOSTEIRO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

E mentres, as mulleres que crían en Deus, as mulleres da Igrexa, tamén tecían os seus fíos pois non é tan doado desfacerse das cadeas, das pedras... invisibles.

"(...) Nós somos a silva candente que aínda fai esforzos para non arder ata as cinzas a casa do pai.

Somos o cabalo branco que chimpa a carga camiño de Damasco.

O noso corpo é pedra fundacional dun organismo infinito e perfecto.

Calquera reino que non construamos nós será sempre a sala de sacrificio dun matadoiro e o noso sangue a ofrenda a uns deuses que nos desprezan.

Por iso o porvir que vén da nosa carne e se alimenta dos nosos peitos non trae marcados Deus, patria, nin rei.

O futuro son as nosas añas, donosas dos seus pasos, que non temen cruzarse con lobos.

O noso sufrimento non foi deste mundo. E xa abondou.

Por que non erixir sobre o martirio das compañeiras un culto completamente novo?

Por que non armar o noso convento aéreo sobre os rizomas obstinados que se alimentan da argamasa das catedrais?

Atopo tantísima verdade niso. Hai xustiza aí. Aí si hai posibilidade.

Pazamos libres ao final das vías mortas, camaradas.

Asollémonos nas paraxes onde a fame da vexetación come as obras humanas.
Porque así, irmás, así quero eu estar na vida con vós: botánica. Ávida e tamén
calma. Borracha de paz.
Viva entre as vivas”.

Santa Inés, Lorena Conde (ed. Urutau) , páxs. 53 a final.

Porque esa comunidade creada tras os murmurios, creada tras os muros,
tamén foi medrando, volvéndose forte... Forte como ese instinto de
protexer...

“Morgana intentou librarse dos seus brazos, igual que Pepa. Ambas as dúas
irían a cárceres moi distintas: a nena caería nas mans das monxas, a
vella nas mans da tortura. O que non sabían os seus captores era que os
destinos non se poden controlar con mans alleas. Morgana tamén sabía
que non lle quedaban moitos días, ao levaren a Pepa xa non lle poderían
facer un dano maior. Para resistir o interrogatorio confesou historias
esperpénticas e implorou perdón, mesmo chorou e pediu compaixón. As
súas verbas tiveron efecto e, baixo a promesa de que non abandonaría a
súa casa até o día da súa morte, foi posta en liberdade. Non obstante
todos sabían que non cumpriría a súa palabra, pero soltárona coa
intención de que os guiase xunto ás outras bruxas. Morgana coñecía as
súas intencións, mais tiña que avisar ao aquelarre. O que non agardaba
era que moitas xa caeran, os corvos chegaran antes ca ela... Si, os anos
pesaban. Porén, mentres arrastraba os pés para chegar ao Portela leu
entre os pasos na terra que co tempo Pepa dirixiría un dos conventos
máis poderosos do Estado que se estaba a conformar neses anos. A
vinganza é algo que se prepara a modo...”

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) páx. 103

9. PORTA SANTA

Quizais todas buscasen o perdón, quizais deberían lamentarse por ser, por
existir, por amar, por aprender, pola súa ambición. Pode que deberan
cruzar de xeonxos, arrastradas, unha porta santa que borre o pecado de
seren elas. Seguramente non queren facelo.

“(...)—Confeso non querer o voso perdón. Non houbo unha soa vez na que
pensase tan sequera en pedir unha dispensa que nin comparto nin
entendo pois está baseada na crueldade e no sufrimento. Unha pena que
ata e que lles arrabata ás persoas a liberdade de emendar os seus erros
e gozar dos seus éxitos. E esquecédevos de que me arrepiña dos gustos
e praceres que vivín ao longo destes anos, ou de que teña medo aos
actos que me causaron felicidade. Confésome insubmisas e ceibe das
cadeas de deuses e homes. Libre para escoller con quen fornicar e
compartir o meu leito, chamádelle Demo, vagabundo, comerciante ou
muller. Que máis ten se ao seu carón podo compartir sensacións que vós

considerades impropias e impuras? Impropias porque non sodes vós quen as vividades, que as gozades... Volvo notar certa envexa?"

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) Páx. 152

10. QUINTANA DOS MORTOS

Pero volvamos ao comezo.. A estas alturas podemos preguntarnos: que é unha bruxa? Unha bruxa pode ser unha muller demasiado pobre, esas que estropean as fotografías porque amosan as miserias sociais; ou podería ser unha muller demasiado poderosa que lembre que as mulleres poden chegar ao cumio do que queiran. Unha bruxa é unha muller soa, coa soidade escollida, ou coa soidade circunstancial polas tristezas da vida. Unha bruxa é unha muller que sabe e non se cansa de aprender, de escoitar. Unha bruxa é aquela que comparte o seu coñecemento. É bruxa aquela muller que escolle e acepta as súas eleccións. Unha bruxa tece fíos. Unha bruxa é...

"—(...)Conta buguinas...

—Buguinas non, avoa. Nas buguinas resoa o mar e moitas buguinas son moitos mares e moitos mares son moitas mortes.

—E moitas mortes son moitas vidas... Conta vidas. Conta vidas como ovellas, como cabaliños de mar, como buguinas, como mares, como mulleres despenteadas, como mazás reinetas que xa non están pero deixan o recendo...

—Como meigas e xacias e soldadeiras e mulleres que son chuvia e monxas que son pagás e contadoras de contos que regresan da China nun avión e xa dormen. E..."

Confusión e morte te María Balteira (ed. Baía), páx. 140.

"—Chamádesme bruxa por dar resposta ás vosas preguntas, por proporcionar solucións aos vosos problemas. Chamádesme bruxa porque non me podedes controlar e malia todo acudides a min. Chamádesme bruxa por ser o bastón no que vos apoiades para conseguir as vosas ambicións, malia que teñades que pisar as normas que vós mesmos creastes. Chamádesme bruxa por saber utilizar a natureza no voso beneficio. Chamádesme bruxa por non ceder ás vosas presións, por ocupar espazos que credes que vos pertencen. (...) as bruxas non son máis que ferramentas para que os demais acaden o que desexan con maior ansiedade. E unha vez feitos os soños realidade, chamarédesme bruxa porque será o único xeito que teñades de domesticarme e dominarme..."

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) Páx. 154

11.SELIC—RÚA DO VILAR

E malia todo, o poder da bruxa non reside na súa soidade, senón na capacidade de facer manda, de facer aquelarre para superar calquera obstáculo, para medrar, para sosterse, para rir e bailar.

“Berenice, desde a distancia, oculta entre unha néboa lene, observa a escena. Chegaran todas. Seguía sorprendéndolle a axilidade de Morgana malia súa avanzada idade. Pepa, nova e indomábel, perseguíraa sabedora de ser a única aprendiz que aceptaría a vella pois, malia as negativas que lle daba cada noite, saberse próxima á súa morte facía que, no fondo, anhelase compañía. Nun pequeno claro, afastada da conversa entre a nena e a vella, Quiteria estudaba os camiños que discorren entre as estrelas coa certeza de que atoparía destinos agochados nas súas sombras. Catalina, solitaria coma sempre, conseguira escapar unha noite máis do seu marido. Ningunha sabería cantas veces podería seguir facéndoo, nin como lograba adormecelo para que crese que non se separaba do seu carón. Hai bruxas que non lle amosan o seu poder a ninguén. Catalina non llo ensinaba nin tan sequera a Marga, malia ser a súa dama de compañía, unha das poucas persoas nas que confiaba e a muller que, a pesar de manterse a distancia, sempre coidaba dela. Ademais os poderes de Marga non eran inferiores aos da súa señora. Xa despoñéndose das súas roupas estaban as irmás Diana e María. Serían idénticas se non fose porque eran a cara e a cruz da mesma maxia, polo que nunca se sabían as desfeitas ou beizóns que sairían dos seus beizos. Berenice obervounas a todas: mulleres de moi distinta idade e procedencia”.

Palabra de bruxa, Andrea Barreira (ed. Galaxia) Páxs. 28-29

Poderán esquecer as mentes das persoas o dano que se infrinxiu a unhas mulleres observadas con lupa, cunha lupa que amplía os seus comportamentos. A historia poderá olvidar cada xuízo, cada tortura, cada pinga de sangue derramada polo feito de seren diferentes, pero as pedras non esquecen, e vós?

12. LECTURA (xa non) PENDENTE

Como bonus track deste roteiro, convíдовos a ler *Bruxas a forza invencible das mulleres*, de Mona Chollet, traducida por Ánxela Gracián (Hércules editora). Un libro que fala das características das mulleres de hoxe que poderían ser conideradas bruxas: aquelas que aceptan a vellez, aquelas que renegan da maternidade ou simplemente que a viven doutro xeito... De novo, as que se saen do que se lles esixe.

“Hai algo arredor desa palabra [bruxa] que buliga enerxía. Remítete a un saber da terra mesma, a unha forza vital, a unha experiencia acumulada que o saber oficial despreza ou reprime. Gústame tamén a idea dunha arte que se perfecciona sen interrupción ao longo de toda a vida, á que un se consagra e que te protexe de todo, ou case, aínda que só sexa pola paixón con que se practica. A bruxa encarna a muller liberada de todas

as dominacións, de todas as limitacións; é un ideal ao que tender, ela amosa o camiño”.

Bruxas. A forza invencible das mulleres, Mon Chollet (Hércules de Ediciones),
páx. 15

E ata aquí o roteiro. Que nunca vos falte un aquelarre co que facer e desfacer os camiños.

BIBLIOGRAFÍA:

- *Voaxa e Carmín*, de Esther F. Carrodegua (teatro)
- *Bruxa e familia*, de Paula Carballeira (LIX)
- *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño (novela)
- *Herba Moura*, Teresa Moure (novela)
- *Apoloxía da indecencia*, de María Alonso (relato)
- *Filhas de lume*, de Paula Pereira (fanzine)
- *Santa Inés*, Lorena Conde (teatro)
- *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo (antoloxía de relatos)
- *Bruxas, a forza invencible das mulleres*, Mona Chollet (ensaio, tradución)
- *Palabra de bruxa*, de Andrea Barreira (novela)